

SESIÓN: LUNS 25 MAIO, 2020

L. GALEGA

4º. DE ED. PRIMARIA

Bos días, nenos e nenas:

Que tal? Comezamos a semana!

Hoxe, faremos actividades de repaso:



REPASO

1. Completa:

As formas dos artigos _____ son: _____, a, _____, as.

Os artigos indeterminados son un, _____, uns, _____.

Os artigos forman _____ ao se xuntaren cos algunhas preposicións (a+a= á, de+a= da).

2. Rodea os artigos e subliña os nomes aos que acompañan.

- A blusa xa está limpa, pero quedoulle unha mancha que non sae.
- Para o meu aniversario, vou pedir unhas zapatillas de deporte.
- Iria levaba uns pantalóns que lle regalara a avoa.
- Os zapatos teñen as solas tan gastadas que se lles fixo un burato.

3. Busca no seguinte texto os artigos e logo, clasifícaos en determinados e indeterminados. Non teñas en conta as contraccións.

O monstro dos Ancares morrera. Farruco botouse fóra da lagoa e deitouse na herba, xunto a un salgueiro. E así, quedou durmido... Tan pronto como os galos lle cantaron ao novo día, os habitantes do castelo, xunto cos veciños de Aivan, erguéronse e dirixíronse cara á lagoa. Cando chegaron, viron o monstro nas augas, aboiando como un barco á deriva, inchado polo veneno das víboras. Farruco aínda durmía. Os galos non o espertaran. Pero entón, co amencer, un paxaro comezou a cantar no salgueiro.

Toño Núñez: O monstro dos Ancares.

Editorial Galaxia (adapt.)

- Artigos determinados: _____
- Artigos indeterminados: _____

4. Completa coas contraccións indicadas entre parénteses. Lembra, non tes que copiar as oración, só tes que copiar o que está entre parénteses.

- Roi viaxa (con+uns) _____ curmáns (en+o) _____ tren.
- Faime caso (de+unha) _____ vez. Non subas (a+as) _____ árbores.
- Avisaron (por+a) _____ radio da chegada (de+unha) _____ borrasca.

5. Completa:

Os _____ acompañan ao nome e indican a que _____ do que fala están as cousas nomeadas.

6. Completa o cadro dos demostrativos:

DISTANCIA	MASCULINO		FEMININO	
	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
Preto	este			
Distancia media		eses		
Lonxe			aquela	

7. Subliña os demostrativos e indica a distancia: preto, distancia media ou lonxe. (Na libreta só terás que copiar o demostrativo e a distancia).

- Esta saia non me vai ben coa chaqueta: _____
- Eses calcetíns son de Paulo: _____
- Eu deixei as botas xunto a esa cadeira: _____
- É de palla este sombreiro?: _____
- Aquel paraugas é da miña nai: _____

8. Completa as oracións coas contraccións dos demostrativos:

- Nunca digas (de+esta) _____ auga non beberei.
- Queres un pouco (de+este) _____ pastel?
- (En+esa) _____ tenda venden uns vestidos moi bonitos.
- Lébraste (de+aquelas) _____ amigas das que che falara? Pois viven ao final (de+esta) _____ avenida.